



**Colección  
Meiga Moira**

# **Violeta tamurana**

**Andrea Maceiras**

*VIOLETA TAMURANA,*

de

Andrea Maceiras

obtivo no ano 2010

o IV Premio de Literatura Infantil e Xuvenil

Meiga Moira convocado por Baía Edicións.

O Xurado estivo composto por

Carlos Paulo Martínez Pereiro,

actuando como Presidente,

Marica Campo, Dores Fernández López,

Belén López Vázquez e Conchi Regueiro.

# **Violeta tamurana**

**Andrea Maceiras**



**BAÍA EDICIÓN S**



**Andrea Maceiras** (A Coruña, 1987)

Licenciada en Filoloxía Galega e en Filoloxía Hispánica e escritora de literatura infantil e xuvenil. Con *Proxecto Bolboretta* (Xerais, 2007) gañou o I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior. *Violeta tamurana* (Baía, 2010) obtivo o 4.º Premio Meiga Moira. En 2012 publicou *O segredo do lagarto arnal* (Baía, 2012). *Nubes de evolución* (Xerais, 2013) foi finalista do Premio Fundación Nova Caixa Galicia 2011 e gañadora do Premio Fervenzas literarias 2014. *Volverás golfinho* (Xerais, 2014) quedou finalista do Premio Merlín 2013. Con *Miña querida Sherezade* obtivo o 6.º Premio Meiga Moira.

*Para Inés, canción de tamura.*

# Índice

<b>Aquí</b> .....	11
1. Baixo a sombra das tamuras .....	13
2. Berros de cor violeta .....	27
3. O centro do volcán .....	43
4. Esquecemento.....	55
5. A viaxe dos Luminosos .....	67
<b>Alá</b> .....	77
6. O desembarco .....	81
7. O espertar .....	93
8. Como grans de area.....	105
9. A misión de Alén .....	119
<b>Máis alá</b> .....	131
10. Na procura do Gran Aleuto .....	133
11. A montaña dos segredos .....	151
12. O reencontro con Cairo.....	163
13. A cor das tamuras .....	173
14. A Barreira de Cristal.....	191
<b>Alén</b> .....	205
Epílogo: Violeta tamurana.....	209

# Aquí

E o volcán alimentou a semente e fixo que florecera.

E a boca da flor abriuse, xigantesca,  
para cantar cos seus sete pétalos sete luces novas.

O mundo tinguiuse dunha cor nunca vista,  
e todo foi inundado de violeta.

Violeta tamurama.

Os homes que habitaban aquelas terras choraron coma nenos  
porque non coñecían o mundo máis aló da illa  
mais sabían que era a cor máis fermosa que existía  
e tamén a máis prohibida.

Violeta tamurama.

O violeta tinguiu a pel dos homes,  
e o lume correu ao tempo que o seu sangue.

E todos souberon que as súas almas  
estaban tocadas por aquela cor  
que permanecería con eles sen remedio.

Violeta tamurama.

(Canción que figuraba no libriño de poemas  
en que Cairo aprendeu a ler a Pao)

# Capítulo 1

## Baixo a sombra das tamuras

A flor da tamura é a tamurana.

A tamurana ten o violeta máis intenso de todos os que viron meus ollos. A dicir verdade, é unha flor tan fermosa que doe ata mirala. Unha vez fitei unha tamurana durante horas e, cando tiven a suficiente forza para apartar a vista, decateime de que estaba chorando, porque o seu forte brillo é capaz de anular calquera outra luz que exista sobre a terra. E, aínda que non me parei a comprobalo, estou seguro de que as miñas bágoas eran da mesma cor violeta que a das tamuras, porque hai cousas que non poden ser doutra forma.

Violeta é o volcán que se erixe no centro da nosa enorme illa, sempre rodeado por unha néboa densa e malva. Violetas son os camiños que conducen á miña aldea, e tamén as árbores que



nos alimentan cos seus froitos. Violeta é o mar e as augas que rompen contra a costa, deixando na area un trazo de espuma lila que pode ser percorrido cos dedos. Eu mesmo, cando me vexo reflectido no espello das augas, son violeta, cuns ollos dun malva tan claro que sempre chaman a atención. Porque esta é a maldición de Tamurana, a illa máis fermosa e violeta de todas. E tamén o noso destino.

A illa de Tamurana debe o seu nome ás extensas fragas que medran no seu corazón, tan repletas de flores que aos nenos non se nos permite entrar nelas. Tampouco os adultos adoitan frecuentar os bosques de tamura por temor á súa agresividade, xa que todos sabemos que é extremadamente arriesgado interromper o ciclo vital desta extraordinaria planta. A flor da tamura crece en tres fases que os habitantes da illa comprendemos e respectamos. Primeiro, fórmase un bulbo violeta que rompe a superficie da terra, chamado tamura. Sobre o bulbo crece un talo que supera en altura a unha persoa adulta, robusto como o tronco dunha árbore. Por último, e só no caso de que se lle dea o tempo suficiente, o talo abre nunha enorme corola de sete

pétalos que medra buscando o contacto co sol e impedindo que a luz do astro chegue á terra. Os bosques onde crecen tamuras son, non obstante, extremadamente luminosos, xa que o brillo dos pétalos é suficiente para iluminar todo o que queda baixo eles. A súa luz é tan violeta que confunde a vista, e debido a iso entrar nun bosque de tamuras é como traspasar a porta a outro mundo.

Por se fora pouco, as tamuras cantan cando chega a tardiña e o seu canto é superior a calquera outro son que produza a natureza. A canción das tamuras é un rumor a medio camiño entre o bater das ondas do mar e o murmurio do vento entre as follas das árbores.

A morte dunha tamura é tan fermosa como ela mesma, aínda que moi difícil de contemplar, posto que cada unha destas flores pode chegar a vivir máis de cen anos. Cando está a piques de morrer, a flor péchase sobre si mesma e logo os seus pétalos despréndense dunha soa vez, como se chegasen a un acordo silencioso. A súa materia é tan lixeira que tardan horas en chegar ao chan, producíndose a ilusión de que flotan no aire, como

barcos levados pola ondada. O bulbo morre e é tragado pola terra, que o reclama como alimento; porén, o talo fica en pé, xa seco, e só nese momento é posíbel cortalo sen que a planta ataque ao agresor, pechándoo no interior dos seus pétalos, de forma que desaparece para sempre. Porque as tamuras son tan violentas como o volcán que as alimenta co seu magma subterráneo. E, por iso, se un se atreve a invadir o seu terreo ten que ser extremadamente cauto.

Esa foi a norma inquebrantábel que me aprendeu meu tío a primeira vez que fun cortar tamuras mortas con el, baixo a ameaza de que, se non a cumpría, nunca máis podería acudir ao bosque ou podería acabar gravemente prexudicado. Lembro que aquela mañá facía un sol enorme e violeta que me fixo sorrir dende que espertei, emocionado pola expectativa de entrar no bosque de tamuras, e tamén lembro que meu tío estaba aínda máis nervioso ca min. O oficio de cortador de tamuras era especialmente arriscado debido á gran responsabilidade que supuña invadir os terreos destas flores, xa que só podíamos cortar e recoller tamuras mortas, como se existise un pacto silencioso entre nós e

elas para que ninguén saíse prexudicado. Lembro que meu tío discutira longamente coa anciá Nidia, a muller máis sabia da aldea, antes de levarme consigo. Mais Nidia insistira tanto que finalmente meu tío tivo que acatar as súas ordes, como todos faciamos. Naquel intre agradecín de corazón que a velliña Nidia tivese máis autoridade que calquera outro habitante da illa.

Nunca poderei esquecer a sensación que experimentei ao poñer o pé sobre aquela terra cuberta pola sombra das tamuras, non só pola luz irreal que envolveu o meu corpo nunha calor descoñecida, senón polo que sucedeu a continuación. Aos poucos pasos o terreo volveuse esvaradío e, nun tropezo, fun caer sobre o bulbo redondo dunha tamura, golpeándoo co meu corpo, o que provocou a reacción inmediata da planta. Escoitei os berros de meu tío como un eco afastado mentres a flor dobraba o seu talo enfrontándome coa corola. Só cando tiver aqueles sete pétalos brillantes diante do meu rostro, decateime do enorme que era aquela flor e, a pesar da súa calor, sentín un calafrío percorréndome as costas porque sabía o que viña a continuación: a flor ía atacarme sen remedio.

Porén, aquela tamurana era tan fermosa que nin sequera se me pasou polo maxín escapar, senón que todos os meus sentidos me pedían que a tocase. Probabelmente se estivese con meu pai a miña reacción fose dar volta e botar a correr, mais por primeira vez sentía a liberdade de non ter que acatar o seu mandato. Estendín a man sen medo, e co dedo índice acariñei un dos sete pétalos violetas sentindo a súa calor abrasante na xema. A tamurana fixo un ruído estraño e regresou á súa posición ergueita. Cando puíden apartar a vista daquela flor prodixiosa, atopei a faciana preocupada de meu tío, xusto detrás miña.

—Es un desastre, Pao —díxome cun sorriso cómplice—. Non me estraña que teñas a teu pai preocupado.

Habitualmente calquera mención a meu pai facía que o meu estado de ánimo caese en picado, como se esvarase dende o alto do volcán ata a nosa pequena aldea, mais aquela mañá estaba tan feliz que nin sequera me din por aludido. Ao ver o meu sorriso, meu tío negou coa cabeza e amosoume a súa man dereita, na que se observaba unha quei-

madura semellante á que comezaba a formárseme no dedo co que tocara a tamura. Logo, comezamos a falar despreocupadamente, como se nada acontecera, e a mañá transcorreu moito máis rápido do que eu desexaría.

Meu tío Cairo era así e non había demasiadas cousas capaces de alterar o seu natural desenfado e afouto, sempre disposto a calquera aventura. Meu tío era o home máis valente que coñecera e eu admirábao sen límite, para desesperación de meu pai e meus irmáns. Por iso, cando fitou a miña ferida con orgullo, sentín unha satisfacción enorme, case tanto como aquelas flores xigantescas. Naquel momento comprendín que eu era dos da súa caste, cortador e coidador de tamuras, e moitas cousas adquiriron sentido. Acababa de atopar o meu lugar no mundo e xa non ía ter que volver saír ao mar con meu pai, que era pescador, como todos o foran na súa familia. Meu pai adoitaba mirar con preocupación a miña escasa destreza na pesca e a miña excesiva sensibilidade cos peixes que boquexaban na canoa. O certo é que as nosas discusións adoitaban estar relacionadas con ese tema, e sempre souben que naqueles momentos meu pai pensaba que eu

non ía chegar a nada na vida, sen comprender que, se cadra, o meu era outro camiño diferente ao seu e ao dos meus irmáns. A anciá Nidia dérame a razón ao facer unha das súas infalíbeis predicións: eu sería un bo cortador de tamura, por máis que a meu pai lle pesase, xa que non consideraba que o oficio de meu tío fose tan decente e, sobre todo, tan útil como o seu. Iso, a pesar de que a madeira de tamura era das máis valiosas e prezadas, non só pola súa resistencia senón sobre todo porque sempre permanecía morna, incluso despois de ser cortada, o que facía que todos a quixeran, especialmente, para os berces das crianzas. Ademais, cos seus pétalos podían tecerse prendas de abrigo que mantiñan a calor máis que ningún outro tecido.

Despois, todo mudou, e entón a tamura pasou a ocupar o centro dos pensamentos dos habitantes da illa, pero dun xeito moi diferente. Aínda lembro a expectación que se formou na praia da aldea a primeira vez que un barco Luminoso fondeou nas nosas costas. Os Luminosos chegaron para invadirnos e facerse con aquelas tamuras que tanto amábamos, aínda que naquel momento ninguén podía sabelo. Mais unha cousa era certa: a vida na illa xa

nunca volveu ser a mesma. Para min xa non houbo unha segunda ocasión de entrar no bosque, porque eles o ocuparon todo; para meu tío Cairo non houbo outra oportunidade na vida. Ou iso quixeron facerme crer.

Durante días limiteime a agardar na praia, sen cortar e sen pescar, plantado como unha tamura, deixando morrer o tempo e, con el, o lugar no que nacera e ao que amaba. Cada semana chegaban máis Luminosos á nosa illa e, aínda que se converteran no noso maior problema dende que ocuparan os nosos bosques, ninguén tiña unha solución para aquela situación descoñecida. Os habitantes de Tamurana nunca nos relacionamos con outras xentes que non foran as do Arquipélago Perdido, do que a nosa illa formaba parte, e que compartían con nós as mesmas características xeográficas e culturais, incluída a nosa eterna cor violeta. Se en algo nos diferenciabamos desoutras grandes illas, era polo feito de que só en Tamurana crecían tamuras. Porén, os nosos vínculos sempre foran de carácter comercial e pacífico. Tiñamos as nosas propias regras, contabamos cun sistema de troco o suficientemente elaborado e estabamos satisfeitos co noso



xeito de vida, baseado na agricultura, que nos daba o preciso para vivir, e no constante contacto coa natureza.

Todos nós sabiamos da existencia dos Luminosos por historias de xeracións anteriores que, nas claras noites de verán, os anciáns da illa, con Nidia á cabeza, contaban arredor dunha fogueira na praia. Eles adoitaban relatar que houbera unha época no pasado na que o Arquipélago Perdido estivera baixo o dominio dos Luminosos, mais eu sempre pensara que se trataba só doutra das moitas nosas lendas. Non sabiamos por que os Luminosos viñeran aquela vez primeira e remota, e moito menos por que agora repetían a súa invasión. E, se cadra, de todo o que estaba acontecendo, o descoñecemento era o que máis me desacougaba. Porque eu non sabía de onde viñan aqueles homes de uniforme estraño nin por que tiñan tanto interese en destruír a vida da nosa illa. Tiña que conformarme co misterio das súas brillantes vestimentas, que semellaban irradiar luz, como se un resplandor descoñecido cubrise os seus corpos, un resplandor que alí, en Tamurana, adoptaba tonalidades brancas.

Cando os Luminosos atoparon a forma de vencer as agresivas tamuras, matáronas sen compaixón. Os habitantes de Tamurana escoitamos os seus berros e vimos o seu sangue baixando en regueiros pola ladeira do volcán ata chegar á praia. A situación era desesperada, e non só nós sufríamos, senón que moitos dos paxaros, insectos e outros animais que poboaban a illa morrían sen que puideramos facer nada por evitalo. O ciclo da natureza rompera sen remedio. Estabamos sendo invadidos polos Luminosos e todo neles era intruso: os seus brancos uniformes, as súas máscaras protectoras, a súa lingua estraña e ferinte aos nosos oídos...

Durante semanas os anciáns da illa pregaron aos espíritos das tamuras e conxuraron a ira do volcán para que expulsase aqueles invasores, mais eu sabía que todo era en van: só había un home capaz de salvar Tamurana e o seu nome fora levado polo vento. O mesmo día da invasión Cairo saíra a navegar e nunca máis retornara. Todos sabíamos que había un punto do mar que era imposíbel de superar coas nosas embarcacións de madeira: só a sofisticada tecnoloxía dos Luminosos era quen de salvar aquela barreira natural. Quen navegaba máis alá

dos límites que marcaba a Barreira de Cristal, como a chamaban, era irremediabelmente tragado polas augas e nunca máis regresaba. Por iso a miña familia e mais eu subimos ao cráter do volcán e fixemos unha cerimonia sinxela na que despedimos a Cairo, conscientes de que xamais recobraríamos o seu corpo. Esa era outra das maldicións de Tamurana, que nunca devolvía os corpos dos mariñeiros que se atrevían a abandonala.

Apenas houbo tempo para chorar a perda de meu tío, xa que a situación en Tamurana era demasiado desesperada para poder pensar noutras cousas. Como despedida final, miña nai limitouse a contar unha vez máis aquela fermosa anécdota que xa pasara a formar parte das lendas que se escoitaban na aldea nas noites de verán. A historia contaba como meu tío, anos atrás, loitara corpo a corpo cun tigre púrpura que ameazaba o poboado, vencéndoo e arrincándolle un cairo, que sempre levaba pendurado ao pescozo. Decía que lle daba boa sorte.

—Dende entón, todos lle chamamos Cairo —concluíu miña nai cun fío de voz, como se realmente estivese a falar consigo mesma.

Cando todos abandonaron o cráter, eu fiquei silencioso, sen poder crer que meu tío fose tan parvo como para cometer aquela imprudencia. A pesar de que non era mariñeiro nin pescador, meu tío era moi intelixente e sabía da existencia daquela Barreira de Cristal mellor que ninguén. Eu era consciente de que a miña familia rexeitara dende sempre o carácter de Cairo só porque era diferente do que eles consideraban axeitado, mais meu tío non era ningún tolo. E nunca puidera crer todas as cousas terríbeis que meu pai contaba del, como tampouco era capaz de aceptar a idea da súa morte sen ver o seu cadáver. Máis ben me parecía que todos querían librarse dunha carga que cada día resultaba máis molesta, non só para os meus, senón para toda a aldea. Porque Cairo denunciaba as situacións das que ninguén se atrevía a falar, facía preguntas incómodas para as que nin a vella Nidia tiña resposta e removía as consciencias dos habitantes de Tamurana que, dende séculos, acataran que o mundo era como era sen preguntarse por que.

Precisamente, un dos principais defectos dos poboadores do Arquipélago era que sempre crían as explicacións que daban as lendas sen cuestionar-

se a súa orixe ou a súa veracidade, como se aquel sol violeta que cada amencer cubría a illa cegase os seus ollos co seu fermoso resplandor. As dúbidas de meu tío faciánnos sentir incómodos porque as verdades das lendas e dos contos nunca eran tan sólidas como pensabamos.

Mais eu si quería a Cairo. E había outra persoa que, de seguro, estaba na mesma situación ca min. Ela chamábase Pel e era a sobriña de Nidia. Vivía coa vella sabia dende nena e a súa propia familia considerara unha honra que a anciá a acollera como discípula, porque iso significaba que lle transmitiría o seu saber ancestral, que todos consideraban absoluto. Porén había unha cousa que aquela venerábel anciá non sabía, se cadra porque non quería sabelo. Cairo e Pel estaban namorados dende a primeira vez que se viran.

Tiña que conseguir falar con ela.